

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Orde de execución por edificación en estado de abandono: caducidade e inicio de novo procedemento. Notificacións infrutuosas.

Expedientes 2021/I002/000043 y 2024/I004/000007.

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 1603 do 13 de xuño de 2024 declarouse a caducidade do expediente 2021/I002/000043 de orde de execución por estado de abandono dun edificio situado na rúa Saúde, número 4, de Carballo (Referencia catastral 5147113NH2855N0001TY).

No mesmo acto, punto segundo, incóase un novo procedemento de orde de execución no que se incorpora toda a documentación que consta no anterior.

A dita resolución foi notificada aos propietarios do inmovible, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosas as notificacións dos seguintes interesados:

HERDEIROS DE MERCEDES ANAYA PIÑA
MERCEDES VILA TRIGO

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que "cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial del Estado".

En consecuencia e, segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas aos citados interesados no procedemento, comunicándolles que:

Primeiro: O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase a súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

Segundo: Poderán interpoñer de forma potestativa o recurso de reposición pola caducidade do expediente número 2021/I002/000043 ante o alcalde do concello de Carballo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles notificara a resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao de aquel no que se produza o acto presunto.

Terceiro: Non cabe recurso contra a incoación do novo expediente 2024/I002/000007 por ser un acto de trámite, sen prexuízo de que poida exercitar outro recurso que estime pertinente.

En Carballo, 26 de setembro de 2024

O alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez